

DIARIODEPONTEVEDRA | viernes, 4 de diciembre de 2009

Os escritores galegos recoñecen cun premio ao Salón do Libro de Pontevedra

► A AELG renderalle unha homenaxe a Marilar Aleixandre e outorgaralle un galardón aos concellos organizadores do Blanco Amor

Breve historia dun éxito pontevedrés

BELÉN LÓPEZ

✉ blopez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. O Salón do Libro Infantil de Pontevedra, un evento único nas súas características en Galicia e un dos máis importantes de España no seu ámbito, será galardoado co premio ás Institucións que outorga a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Así o anunciaba onte a propia asociación, a través dunha nota na que tamén se informaba de que a homenaxe 'O escritor na súa terra' será para Marilar Aleixandre e que o galardón 'Os bos e xenerosos' recaeu nos concellos que organizaron o Premio Blanco Amor de Narrativa ao longo dos últimos 30 anos.

A homenaxe 'O escritor na súa terra', impulsada pola AELG, chegará no 2010 a súa XVI edición. A decisión de que este ano a honra recaera en Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) foi tomada por unanimidade na asemblea de socios. O seu traballo foi merecedor do Premio Merlín en 1994, do Premio da Crítica galega en 1995, do Premio Rañolas en 1996 e do Premio Álvaro Cunqueiro en 1998.

«Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da asociación, e tense constituído como unha celebración na que a terra de orixe ou de adopción do homenaxeado cobra un

protagonismo fundamental nesta cita cultural», explícase dende a AELG. Esta homenaxe da asociación está concibida como unha celebración múltiple e popular a través da que se recoñece a entidade literaria dunha figura das letras en Galicia, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón 'Letra E de escritor' (unha peza escultórica asinada por un recoñecido artista galego), a plantación dunha árbore simbólica (elixida polo propio autor), a colocación dun monolito conmemorativo ou a inauguración dun espazo público co nome do homenaxeado ou cun nome elixido por el.

Os actos na honra de Marilar Aleixandre celebraranse na primavera do 2010.

O outro premio outorgado pola AELG, o denominado 'Os bos e xe-

nerosos', na edición do ano que vén, recoñecerá o labor desenvolvido polos 27 concellos que organizaron o Premio Blanco Amor de Narrativa, que cumpre en 2010 o seu 30º aniversario.

CONCELLO DE POIO. No transcurso da Cea das Letras, que se celebrará na primeira semana de maio do 2010 e que será cando se lle entregue ao Salón do Libro de Pontevedra o premio ás Institucións, terá un grande protagonismo o Concello de Poio. E é que este concello será o encargado de organizar en 2010 o Premio Blanco Amor de Narrativa. Representantes municipais recollerán o galardón da AELG en nome de todos os concellos que participaron na organización do galardón literario ao longo da súa traxectoria.

O Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra celebrouse por primeira vez no ano 1999. Detrás do proxecto estaban un grupo de mestres e educadores pontevedreses preocupados pola animación á lectura que vían no Pazo da Cultura un espazo que se prestaba para sacar adiante o proxecto. O concelleiro de Cultura daquel momento, Luís Bará, impulsou a iniciativa e o resultado foron dez anos nos que o Salón do Libro non fixo máis que medrar e converterse nunha referencia en Galicia e España.

Premio dos editores

O da AELG non é o primeiro premio que recibe o Salón do Libro de Pontevedra. En 2007, a Asociación Galega de Editores recoñecía cun dos seus galardóns a importancia do evento.